

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**13485** *Real decreto 1111/2015, do 11 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e de situacións administrativas dos militares profesionais.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece no seu capítulo VII do título V as situacións administrativas do militar profesional, co que se actualizan as que figuraban na anterior normativa que tiñan o seu reflexo na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e no Real decreto 1385/1990, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de adquisición e perda da condición de militar e de situacións administrativas do persoal militar profesional.

Tal e como se establece na exposición de motivos da Lei 39/2007, do 19 de novembro, as situacións administrativas descritas nela adaptáronse no posible ao Estatuto básico do empregado público, cuxo texto refundido se aprobou mediante o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, tendo en conta as súas consideracións relacionadas coa conciliación da vida laboral e familiar, así como as necesarias para a protección da militar profesional vítima de violencia de xénero.

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, prevé o desenvolvemento regulamentario, nos seus artigos 107, 108, 110, 113 e 118, nalgúns aspectos como a adecuación de supostos de aplicación xeral para os funcionarios, o tempo en servizo activo de prisioneiros e desaparecidos, o tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar de carreira para optar á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público ou de excedencia voluntaria por interese particular e o tempo de aviso previo para solicitar a situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular.

A Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, na súa disposición derradeira terceira, establece a modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, nos artigos 111 e 112, sobre as situacións de suspensión de funcións e de suspensión de emprego. Na mesma disposición derradeira modifícanse tamén as condicións para a finalización e resolución de compromisos dos militares cunha relación de servizos profesionais de carácter temporal.

Por outra parte, a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, no seu artigo 28 modifica a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, incluíndo, entre outras disposicións, a disposición adicional décimo segunda pola cal permite que o persoal militar preste servizos na Administración civil.

Así mesmo, a mesma Lei 15/2014, no seu artigo 29, modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, co cambio de redacción dos números 1 e 2 e a inclusión dun número 5 no artigo 107, e crea unha nova situación administrativa para os militares de carreira que se define como «servizo na Administración civil». Tamén se inclúe un novo artigo 113 bis, no cal se regula a mencionada nova situación.

Por todo isto, co real decreto que agora se aproba regúlense as situacións administrativas do militar profesional e desenvólvense regulamentariamente algúns artigos que sobre esta materia determina a citada lei.

O regulamento que aproba este real decreto estrutúrase en catro títulos, o primeiro dos cales, de disposicións de carácter xeral, contén o obxecto e o ámbito de aplicación, así como disposicións comúns que son de aplicación nos títulos seguintes. O segundo está dedicado á adquisición e perda da condición de militar profesional e está dividido en tres capítulos, o primeiro dedicado aos militares de carreira, o segundo aos militares de complemento e o terceiro aos militares de tropa e mariñeiría con compromisos temporais. O terceiro título dedícase ás situacións administrativas e divídese en nove capítulos.

O primeiro é relativo ás disposicións comúns e o resto regula de forma específica as situacións administrativas de servizo activo, servizos especiais, excedencia, suspensión de funcións, suspensión de emprego, servizos na Administración civil, reserva e condicións relacionadas co persoal prisioneiro e desaparecido, tendo en conta o establecido no Código civil. Finalmente, o título cuarto, sobre recursos, indica os que corresponde aplicar nesta materia.

Para os efectos deste real decreto, o termo «unidade», na súa acepción de entidade orgánica, pode facer referencia tanto a unha unidade militar ou buque e, se for o caso, centro ou organismo, como a unha base, acuartelamento ou establecemento.

Durante a súa tramitación, sobre este real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e de situacións administrativas dos militares profesionais, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio.*

Os militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, rexeranse polo establecido na disposición transitoria quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Así mesmo, seralles de aplicación o disposto neste regulamento para os militares de tropa e marifeiría con compromiso de longa duración ou de carácter permanente, segundo corresponda.

Disposición transitoria única. *Expedientes e cursos de altos estudos da defensa nacional e do ensino militar de perfeccionamento iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. Todos os expedientes que se encontren iniciados no momento de entrada en vigor deste real decreto seguirán tramitándose de acordo co disposto no Real decreto 1385/1990.

2. O persoal que realizase ou iniciase previamente á entrada en vigor deste real decreto cursos de altos estudos da defensa nacional ou do ensino militar de perfeccionamento, polo que respecta aos tempos mínimos de servizo que debe cumprir cando os finalice e para os efectos de solicitar a renuncia á condición de militar ou pase á situación de excedencia, rexeranse polo establecido no Real decreto 1385/1990 ou polo establecido en cada unha das convocatorias dos cursos mencionados.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

1. Queda derogado o Real decreto 1385/1990, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de adquisición e perda da condición de militar e de situacións administrativas do persoal militar profesional.

2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Habílitate o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

O ministro de Defensa regulará, mediante orde ministerial, o procedemento que permita aos militares de carreira participar nas provisións de postos de traballo mencionados no artigo 36 do presente regulamento.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE

**REGULAMENTO DE ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE MILITAR E DE SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DOS MILITARES PROFESIONAIS**

## TÍTULO I

**Disposicións xerais**Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regular os procedementos relativos á adquisición e perda da condición de militar, así como as situacións administrativas establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Será de aplicación ao persoal militar profesional.
2. De acordo co recollido no artigo 3.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, entenderase como militar profesional todo aquel que teña unha relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas.
3. Os militares agruparanse, segundo a súa vinculación profesional coas Forzas Armadas, en militares de carreira cunha relación de servizos de carácter permanente e militares cunha relación de servizos de carácter temporal.

Artigo 3. *Tempo de servizo.*

Para efectos deste regulamento, entenderase como tempo de servizo o transcorrido desde a adquisición da condición de militar profesional.

Tamén terá esta consideración o permanecido nas situacións de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares e por razón de violencia de xénero, segundo o disposto no artigo 110, números 5 e 6, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e suspensión de funcións, suspensión de emprego e servizo na Administración civil, durante o tempo permanecido nestas situacións, cando se dean as circunstancias que se establecen, respectivamente, nos artigos 111.5 e 112.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

## TÍTULO II

**Adquisición e perda da condición de militar profesional**

## CAPÍTULO I

**Militares de carreira**Artigo 4. *Adquisición da condición de militar de carreira.*

1. Os oficiais e suboficiais adquiren a condición de militares de carreira ao obterem o primeiro emprego da súa escala, unha vez superado o plan de estudos correspondente e obtida a titulación exixida.
2. Os militares de tropa e mariñeiría adquirena cando accedan a unha prestación de servizos de carácter permanente, tal e como recolle o artigo 12 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

Artigo 5. *Perda da condición de militar de carreira.*

1. De acordo co previsto no artigo 116 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, os militares de carreira perderán esta condición por algunha das seguintes causas:
  - a) En virtude de renuncia, se se cumpren os requisitos do número 2 deste artigo.
  - b) Perda da nacionalidade española.

c) Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou inhabilitación especial para o emprego ou cargo público. O ministro de Defensa poderá conceder a rehabilitación de acordo co determinado no artigo 116.1.c) da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Se a resolución non se produce de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude.

d) Sanción disciplinaria de separación do servizo que adquirise firmeza.

2. Os militares de carreira poderán solicitar a renuncia á súa condición cando se cumpran os seguintes requisitos:

a. O tempo mínimo de servizo desde a adquisición da condición de militar de carreira para os efectos deste número:

1. Oito anos para os oficiais dos corpos xerais e cinco para os oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros e corpos comúns, e cinco anos para os suboficiais, desde o seu ingreso na escala en que se encontran.

2. Para os pertencentes a calquera escala que, ao accederen ao primeiro emprego desta, teñan ou obteñan a aptitude para o voo, o prazo será de dez anos de servizos efectivos inmediatamente anteriores á solicitude.

3. Para os oficiais pertencentes ao corpo militar de sanidade que reciben no centro de formación militar a titulación universitaria de grao para accederen á especialidade de medicina, o prazo será de doce anos desde o acceso á escala correspondente.

b. Non se exixirá tempo mínimo de servizo ao persoal de tropa e mariñeiría con carácter permanente.

c. Ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a seguir, desde a finalización dos cursos do ensino militar de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional que o ministro de Defensa inclúa nas categorías que seguidamente se indican, tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

1. Cursos categoría A: un ano.
2. Cursos categoría B: dous anos.
3. Cursos categoría C: tres anos.
4. Cursos categoría D: catro anos.
5. Cursos categoría E: cinco anos.
6. Cursos que confiran por primeira vez aptitude para o voo: dez anos.

Exceptúanse os cursos preceptivos de actualización para o desempeño de empregos superiores.

De non ter cumpridos os tempos establecidos nos números anteriores, para renunciar deberán resarcir economicamente o Estado, de acordo co disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Así mesmo, deberán efectuar un aviso previo de seis meses.

d. Non estar sometido a proceso disciplinario ou penal.

#### Artigo 6. *Retiro.*

1. A relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas cesa en virtude de retiro, conforme os artigos 114 e 115 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

2. A declaración de retiro efectuaráa de oficio o ministro de Defensa.

## CAPÍTULO II

### Militares de complemento

Artigo 7. *Adquisición da condición de militar de complemento.*

1. A condición de militar de complemento adquirese ao adscribirse a unha escala e corpo mediante a superación do plan de estudos correspondente e unha vez asinado o compromiso inicial co emprego de tenente conferido polo ministro de Defensa.

2. Os compromisos terán unha duración de oito anos ou de tres anos prorrogables até oito, contados desde o seu nomeamento como alumno, segundo establece a convocatoria en función dos estudos que reciba e dos labores dos corpos a que se adscriban.

Artigo 8. *Resolución do compromiso.*

1. Os militares de complemento perderán a súa condición de militar na data de vencemento do seu compromiso ou polas causas establecidas no artigo 10.2 da Lei 8/2006 para os compromisos de longa duración, sempre que o interesado cumprise, ao menos, un tempo de servizo de tres anos entre o compromiso inicial e, se for o caso, o de renovación. En ningún caso os compromisos poderán exceder os oito anos.

2. Durante os tres primeiros anos o compromiso resolverase polas causas recollidas no artigo 118.2 e 118.4 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. No caso de ser por petición expresa do interesado, seralle de aplicación o disposto no artigo 11 do presente regulamento.

3. Así mesmo, resolverase o compromiso dos militares de complemento con menos de seis anos de servizo cando se dea algunha das circunstancias polas cales un militar de carreira pasa á situación de servizos especiais, segundo o artigo 109.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, ou á de excedencia por prestación de servizos no sector público, regulada no artigo 110.2 da mesma lei.

## CAPÍTULO III

### Militares profesionais de tropa e mariñeiría

Artigo 9. *Adquisición da condición de militar de tropa e mariñeiría.*

A condición de militar profesional de tropa e mariñeiría adquirese ao se incorporar a unha escala, conforme o disposto no artigo 78 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Artigo 10. *Finalización e resolución do compromiso dos militares de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos profesionais de carácter temporal.*

1. Os militares de tropa e mariñeiría finalizarán o seu compromiso na data do seu vencemento ou polas causas establecidas no artigo 10.2 da Lei 8/2006 para os compromisos de longa duración, sempre que o interesado cumprise, ao menos, tres anos entre o compromiso inicial e, se for o caso, o de renovación, e perderán a súa condición de militar.

2. Durante os tres primeiros anos, o compromiso resolverase polas causas recollidas no artigo 118.2 e 118.4 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. No caso de ser por petición expresa do interesado, seralle de aplicación o disposto no artigo 11 do presente regulamento.

3. Así mesmo, resolverase o compromiso dos militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizo cando se dea algunha das circunstancias polas cales un militar de carreira pasa á situación de servizos especiais, segundo o artigo 109.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, ou á de excedencia por prestación de servizos no sector público, regulada no artigo 110.2 da mesma lei. Neste último suposto tamén se resolverá o dos militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración.

4. O compromiso de longa duración finalizará cando o militar de tropa e mariñeira faga os 45 anos de idade, a non ser que con máis de 45 anos de idade non cumprise os 18 de servizos por ter accedido á condición de militar de tropa e mariñeira con máis de 27 anos de idade, e teña posibilidade de alcanzalos antes de facer os 47 anos de idade, caso en que poderá ampliar o seu compromiso até que adquira o tempo de servizos mencionado segundo o establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Artigo 11. *Resolución do compromiso inicial.*

De acordo co artigo 118.2.a) da Lei 39/2007, do 19 de novembro, o persoal militar cunha relación de servizos profesionais de carácter temporal, durante os tres primeiros anos do seu compromiso, poderá solicitar a súa resolución se cumpre os seguintes requisitos:

- a) Non ter sido nomeado mediante unha comisión de servizo en operacións fóra do territorio nacional, caso en que a solicitude se resolverá cando esta finalice.
- b) Que a circunstancia extraordinaria que motiva a petición de baixa sexa sobrevida e posterior á adquisición da condición de militar profesional.
- c) Non estar suxeito a proceso disciplinario ou penal.

O mando ou xefatura de persoal do exército respectivo resolverá a solicitude logo de informe do xefe de unidade en que se exporá a repercusión da posible resolución sobre as necesidades do servizo.

## TÍTULO III

### Situacións administrativas

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns

Artigo 12. *Situacións administrativas.*

Os militares profesionais acharanse nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia.
- d) Suspensión de funcións.
- e) Suspensión de emprego.
- f) Servizo na Administración civil.
- g) Reserva.

Artigo 13. *Publicidade e anotación na folla de servizos.*

1. Calquera cambio de situación administrativa deberá ser publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», excepto o pase á situación de excedencia por razón de violencia de xénero e desta a calquera outra.

2. Todo cambio de situación administrativa do militar será reflectido na súa folla de servizos.

Artigo 14. *Cambios de situación administrativa.*

1. A autoridade competente para resolver as solicitudes de pase ás diferentes situacións administrativas verificará se o militar cumpre os tempos mínimos de servizo desde a adquisición da condición de militar de carreira ou desde a finalización dos cursos



do ensino militar e de altos estudos da defensa nacional establecidos neste regulamento, ou que está sometido a procedemento xudicial, expediente disciplinario ou cumprindo sanción imposta a resultas destes.

2. Os cambios de situacións administrativas serán efectivos na data indicada na respectiva resolución.

3. O persoal que se encontre na situación administrativa de servizos especiais como candidato a eleccións ou en excedencia por coidado de familiares ou por razón de violencia de xénero, durante o período en que teña reservado o seu destino, poderá solicitar cambio de destino conforme o previsto no artigo 7 do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.

#### Artigo 15. *Incompatibilidades.*

O persoal militar profesional, cuxa condición militar non se encontre en suspenso, estará sometido ao réxime previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e no Real decreto 517/1986, do 21 de febreiro, de incompatibilidades do persoal militar.

## CAPÍTULO II

### Servizo activo

#### Artigo 16. *Situación de servizo activo.*

O militar profesional estará en situación de servizo activo:

- a) Cando ocupe cargos e destinos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, incluídos os dos seus órganos directivos.
- b) Cando ocupe cargos e destinos na Presidencia do Goberno.
- c) Cando ocupe postos orgánicos relacionados coa seguridade e coa defensa en organizacións internacionais ou noutros departamentos ministeriais.
- d) Cando sexa nomeado para ocupar cargos e destinos na Casa da Súa Maxestade o Rei.
- e) Cando estea pendente de asignación de destino, por ter cesado no que tiña ou por proceder de situación administrativa distinta, se non lle corresponde o pase a outra.
- f) Cando permaneza como alumno do ensino nas Forzas Armadas.

#### Artigo 17. *Postos orgánicos relacionados coa seguridade e defensa.*

O ministro de Defensa, de acordo cos titulares dos correspondentes departamentos ministeriais, determinará os postos orgánicos a que se refire a letra c) do artigo anterior.

## CAPÍTULO III

### Servizos especiais

#### Artigo 18. *Situación de servizos especiais.*

1. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración serán declarados na situación de servizos especiais cando:

- a) Sexan designados membros do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, membros das institucións da Unión Europea ou de organizacións internacionais ou sexan nomeados altos cargos das citadas administracións públicas ou institucións.
- b) Sexan autorizados polo ministro de Defensa para realizar unha misión por período determinado superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.



c) Sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.

d) Sexan proclamados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resulten elixidos nelas.

e) Sexan elixidos polas Cortes Xerais ou polas asembleas legislativas das comunidades autónomas para formaren parte dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios ou outros cuxa elección corresponde ás cámaras e ás asembleas legislativas das comunidades autónomas.

f) Presten servizos no Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo, Consello Xeral do Poder Xudicial e Tribunal de Contas.

g) Presten servizos no Tribunal Supremo ou noutros órganos xurisdicionais non pertencentes á xurisdición militar.

h) Presten servizos nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado en postos orgánicos non relacionados especificamente coa seguridade e defensa.

i) Sexan autorizados polo ministro de Defensa para participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a defensa en entidades, empresas ou organismos alleos ao Ministerio de Defensa.

j) Adquiran a condición de persoal estatutario permanente do Centro Nacional de Intelixencia.

k) Adquiran a condición de persoal estatutario da Organización do Tratado do Atlántico Norte, no caso de que non ocupen postos orgánicos relacionados coa seguridade e coa defensa nesta organización.

l) Segundo o previsto no artigo 107.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e por adecuación ao Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, a declaración de situación de servizos especiais tamén procederá cando os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración presten servizos nos órganos autonómicos similares ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas.

2. Percibirán as retribucións do posto ou cargo que desempeñen e non as que lles correspondan como militares profesionais, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que teñan recoñecidos.

3. O tempo permanecido nesta situación será computable para efectos de tempo de servizo, trienios e dereitos pasivos.

4. O militar profesional en situación de servizos especiais poderá ascender se ten cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

5. Durante o tempo de permanencia nesta situación, o militar profesional terá a súa condición de militar en suspenso e, en consecuencia, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

#### Artigo 19. *Declaración da situación de servizos especiais.*

1. O militar cursará por conduto regulamentario a solicitude ao subsecretario de Defensa de pase á situación de servizos especiais a través do mando ou xefatura de persoal correspondente e do director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa no caso dos corpos comúns, e incluírá a documentación que xustifique a súa petición.

2. No caso de ter consideración de alto cargo, o interesado xuntará á solicitude as referencias á normativa que o ampara.

3. O director xeral de Persoal ou o mando ou xefatura de persoal correspondente remitirá cada solicitude ao subsecretario de Defensa e xuntará o seu propio informe.

4. A concesión do pase á situación de servizos especiais será acordada polo subsecretario de Defensa, con indicación do suposto que lle é de aplicación. Cando se

orixine polas causas a), c), d), e), f), g) e h), o pase producirá efectos a partir da data de nomeamento e, nos restantes, a partir da data de concesión.

5. A condición de persoal estatutario da OTAN deberá ser acreditada polo interesado mediante certificado emitido polo organismo da OTAN competente.

#### Artigo 20. *Misións internacionais.*

1. A solicitude de autorización para participar nas misións a que fai referencia o artigo 18.1.b) deste regulamento dirixirase por conduto regulamentario ao ministro de Defensa, con indicación do período e da misión para a cal foi designado, logo do informe do xefe de Estado Maior correspondente, para o persoal dos respectivos exércitos, e do subsecretario de Defensa, para o caso dos membros dos corpos comúns.

2. Unha vez concedida a autorización do ministro de Defensa para participar nunha misión internacional, o designado para esta cursará solicitude de pase á situación de servizos especiais segundo o previsto no artigo anterior.

#### Artigo 21. *Consideración de candidato.*

1. Para obter a consideración de candidato a que se refire o artigo 18.1.d) deste regulamento, o interesado deberá ter sido proclamado como tal conforme a normativa vixente en materia electoral.

2. O dito candidato estará obrigado a comunicar a súa nova condición ao subsecretario de Defensa polo conduto regulamentario, xunto coa acreditación da xunta electoral da súa proclamación como candidato, cesará na situación en que se encontre na data da proclamación e pasará á situación de servizos especiais.

3. Neste caso, reservará o destino durante seis meses, salvo que neste período perda as condicións establecidas para este.

4. Unha vez publicado pola xunta electoral correspondente o acordo do resultado electoral, o candidato electo notificará o dito resultado ao subsecretario de Defensa, por conduto regulamentario, e continuará na situación de servizos especiais.

5. Unha vez publicado pola xunta electoral correspondente o acordo do resultado electoral, o interesado, en caso de non ser electo, notificará o dito resultado ao subsecretario de Defensa, por conduto regulamentario, e pasará á situación administrativa que lle corresponda.

#### Artigo 22. *Programas específicos de interese para a defensa.*

1. A solicitude de autorización para participar nos programas a que fai referencia o artigo 18.1.i) deste regulamento dirixirase por conduto regulamentario ao ministro de Defensa, logo do informe do correspondente xefe de Estado Maior de cada exército e do subsecretario de Defensa para o caso dos membros dos corpos comúns.

2. Unha vez concedida a autorización do ministro de Defensa para participar nun programa, cursarase solicitude de pase á situación de servizos especiais segundo o previsto no artigo 19.

#### Artigo 23. *Finalización da situación de servizos especiais.*

1. O militar que perda as condicións en virtude das cales foi declarado nesta situación deberá solicitar o seu reingreso no prazo dun mes; de non o facer, a mesma autoridade que lla concedeu, declarará de oficio na situación administrativa que lle corresponda con efectos desde o día en que perdeu aquela condición.

2. O militar ao cal se lle autorizou o pase á situación de servizos especiais por un tempo determinado será reintegrado, por parte da autoridade que acordou o pase á dita situación, á situación administrativa previa na data de finalización da dita autorización.

3. Os deputados ou senadores das Cortes Xerais ou membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas que perdan a dita condición por disolución das

correspondentes cámaras ou terminación do mandato poderán permanecer na situación de servizos especiais até a constitución das novas cámaras.

#### CAPÍTULO IV

##### Excedencia

###### Artigo 24. *Modalidades da situación de excedencia.*

1. Os militares profesionais poderán pasar á situación de excedencia nas seguintes modalidades:

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia voluntaria por interese particular.
- c) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de familiares.
- e) Excedencia por razón de violencia de xénero.

2. En todas as situacións de excedencia, excepto na excedencia por razón de violencia de xénero, os militares terán a súa condición de militar en suspenso e, en consecuencia, deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

3. O militar que, encontrándose nesta situación administrativa, reingrese á situación de servizo activo e desempeñe algún dos empregos relacionados nos cadros de persoal regulamentarios do seu corpo e escala permanecerá en exceso de cadro de persoal, para os únicos efectos de planificación do ciclo de ascensos, e a amortización dos excedentes producirase no ciclo seguinte ao da súa incorporación, conforme o disposto no artigo 16.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

###### Artigo 25. *Declaración da situación de excedencia.*

1. O militar cursará solicitude de pase á situación de excedencia correspondente, por conduto regulamentario, ao subsecretario de Defensa.

2. A solicitude incluirá a documentación que acredite que o militar reúne os requisitos necesarios.

3. A concesión do pase á situación de excedencia realizarase mediante resolución do subsecretario de Defensa, con indicación do suposto que é de aplicación.

###### Artigo 26. *Excedencia por prestación de servizos no sector público.*

1. Os militares de carreira quedarán en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público cando pasen á situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas ou pasen a prestar servizos nelas ou en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo, servizos especiais ou servizo na Administración civil, sempre que se trate do desempeño de postos con carácter de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo.

2. Para poder optar á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público será condición ter cumpridos os tempos mínimos de servizos desde a adquisición da condición de militar de carreira seguintes:

- a) Cinco anos para os oficiais, tres anos para os suboficiais e un ano para os militares de carreira de tropa e mariñeiría.
- b) Oito anos para o persoal que accede á súa escala coa aptitude de voo obtida no ensino de formación.
- c) Oito anos desde o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade para os militares que ingresaron no ensino de formación sen título previo.

3. Ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a seguir, desde a finalización dos cursos da ensino militar de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional que o ministro de Defensa inclúa nas categorías que seguidamente se indican, tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

1. Cursos categoría A: un ano.
2. Cursos categoría B: dous anos.
3. Cursos categoría C: tres anos.
4. Cursos categoría D: catro anos.
5. Cursos categoría E: cinco anos.
6. Cursos que confiren por primeira vez aptitude para o voo: oito anos.

De non ter cumpridos os tempos establecidos nos números anteriores, para o pase á situación de excedencia deberán resarcir economicamente o Estado, de acordo co disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

4. Poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

5. Durante o tempo permanecido nesta situación non se devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempos de servizo, trienios nin dereitos pasivos.

6. O militar de carreira poderá permanecer nesta situación en canto se manteña a relación de servizos que deu orixe a ela. Unha vez producido o cesamento deberá solicitar, no prazo dun mes, o reingreso á situación que corresponda; de non o facer, a mesma autoridade que lle concedeu a situación declarará de oficio na situación administrativa que lle corresponda, con efectos desde o día en que se perdeu aquela condición.

#### Artigo 27. *Excedencia voluntaria por interese particular.*

1. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración poderán obter a excedencia voluntaria por interese particular cando o soliciten, sempre que non estean designados para participar en operacións fóra do territorio nacional e non se lles estea instruindo un procedemento disciplinario, salvo que se encontren suxeitos a servidume, caso en que deberán reintegrar previamente a compensación económica establecida.

2. Para poder optar a esta situación e en función dos custos e da duración dos estudos realizados, será condición ter cumpridos os seguintes tempos de servizos, desde a adquisición da condición de militar:

- a. Oito anos para os oficiais dos corpos xerais e cinco para os oficiais dos corpos de intendencia e enxeñeiros e corpos comúns, e cinco anos para os suboficiais.
- b. Dous anos para os militares de carreira de tropa e mariñeiría ou militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración, desde o acceso ao dito compromiso.
- c. Para os pertencentes a calquera escala que, ao accederen ao primeiro emprego desta, teñan ou obteñan a aptitude para o voo, o prazo será de dez anos de servizos efectivos inmediatamente anteriores á solicitud.
- d. Para os oficiais pertencentes ao corpo militar de sanidade que recibisen no centro de formación militar a titulación universitaria de grao para acceder á especialidade de medicina, o prazo será de doce anos.

3. Ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a continuación, desde a finalización dos cursos do ensino militar de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional que o ministro de Defensa inclúa nas categorías que seguidamente se indican, tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

- a. Cursos categoría A: un ano.
- b. Cursos categoría B: dous anos.
- c. Cursos categoría C: tres anos.

- d. Cursos categoría D: catro anos.
- e. Cursos categoría E: cinco anos.
- f. Cursos que confiran por primeira vez aptitude para o voo: dez anos.

De non ter cumpridos os tempos establecidos nos números anteriores, para o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular deberán resarcir economicamente o Estado, de acordo co disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Así mesmo, deberán efectuar un aviso previo de seis meses.

4. Os militares de carreira e os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración que desexen pasar á situación de excedencia voluntaria por interese particular presentarán a correspondente solicitude conforme o previsto no artigo 25, cun tempo de aviso previo mínimo de tres meses.

5. Os militares de carreira permanecerán nesta situación un mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso.

6. Os militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal permanecerán nesta situación un mínimo de seis meses, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Caso de que ao final deste período se reincorporen ao servizo activo, non poderán solicitar outra excedencia até que transcorran dous anos desde a concesión da dita situación.

7. Ao cesar nesta situación finalizará a inmovilización no escalafón, pero a perda de posto será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que teña no escalafón correspondente no momento da concesión.

8. Poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

9. Durante o tempo permanecido nesta situación non se devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempos de servizo, trienios nin dereitos pasivos.

#### Artigo 28. *Excedencia voluntaria por agrupación familiar.*

1. Aos militares profesionais poderáselles conceder a excedencia voluntaria por agrupación familiar, sen requisito de ter prestado tempo de servizos, cando o cónxuxe resida noutra localidade por ter obtido e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como funcionario de carreira ou como laboral fixo en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependentes ou vinculados a elas, nos órganos constitucionais ou do poder xudicial e órganos similares das comunidades autónomas, así como na Unión Europea ou en organizacións internacionais ou un destino dos previstos no artigo 99 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

2. Os militares que desexen obter a excedencia voluntaria por agrupación familiar presentarán a correspondente solicitude conforme o previsto no artigo 25, xunto cos documentos necesarios acreditativos da situación laboral do cónxuxe.

3. Nesta situación haberá que estar un mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nesta situación, a perda de postos no escalafón será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces quedará inmovilizado no posto que teña no escalafón correspondente no momento da concesión.

4. Poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro.

5. Durante o tempo permanecido nesta situación non se devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempos de servizo, trienios e dereitos pasivos ou do réxime xeral da Seguridade Social segundo corresponda.

6. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, transcorridos dous anos desde a data teórica de finalización do seu compromiso, causarán baixa nas Forzas Armadas a non ser que antes desa data se reincorporen á situación de servizo activo.

7. A concesión deste tipo de excedencia para os militares designados para participar nunha misión no exterior, segundo o previsto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, poderá estar condicionada á finalización da dita misión.

#### Artigo 29. *Excedencia por coidado de familiares.*

1. Aos militares profesionais poderáselles conceder esta situación para atender o coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción, ou de cada menor suxeito a garda con fins de adopción ou acollemento permanente. Neste suposto, terán dereito a un período non superior aos tres anos, contados desde o nacemento de cada fillo ou, se for o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender o coidado dun familiar que se encontre ao seu cargo, até segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

2. O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dea orixe a outra excedencia, o seu inicio porá final á que se estaba desfrutando.

3. En caso de que máis dun militar xere o dereito a desfrutarla polo mesmo suxeito causante, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades do servizo.

4. A solicitude de excedencia por coidado de familiares irá acompañada dos correspondentes documentos acreditativos que xustifiquen a dita petición e duración prevista desta situación, cun máximo autorizable de tres anos por cada suxeito causante.

O subsecretario de Defensa determinará a documentación exigible e acreditativa para pasar a esta modalidade de excedencia.

Poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro, transcorridos os cales o interesado permanecerá no posto do escalafón correspondente que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nesta situación, a perda de postos no escalafón será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que teña no escalafón correspondente no momento da concesión.

5. Reservarase o destino durante doce meses. Cando sexa con ocasión de coidado de fillos, por natureza ou adopción ou de cada menor suxeito a garda con fins de adopción ou acollemento permanente, serán ampliables en tres meses no caso de familias numerosas da categoría xeral e en seis meses no de familias numerosas de categoría especial.

6. Durante o tempo permanecido nesta situación non se devindicarán retribucións pero seralles computable para efectos de trienios e dereitos pasivos e, durante o primeiro ano de cada excedencia, como tempo de servizo. Non se computará para efectos de períodos cotizados no réxime xeral da Seguridade Social.

7. A autoridade con facultade para a concesión resolverá de oficio o pase do militar afectado á situación que corresponda ao finalizar o período autorizado de permanencia nesta situación.

8. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría con menos de seis anos de servizos, transcorridos dous anos desde a data teórica de finalización do seu compromiso, causarán baixa nas Forzas Armadas a non ser que antes desa data se reincorporen á situación de servizo activo.



Artigo 30. *Excedencia por razón de violencia de xénero.*

1. As mulleres militares profesionais vítimas de violencia de xénero, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, poderán solicitar a situación de excedencia sen ter que ter prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa exixible prazo de permanencia.

2. A solicitude desta excedencia irá acompañada da documentación prevista no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. A reincorporación ao servizo activo producirase de oficio ao rematar o período autorizado de excedencia ou ao solicitalo en calquera momento a militar afectada.

4. A militar acollida a esta excedencia terá reservado o seu destino os primeiros seis meses.

5. Os seis primeiros meses seranlles computables para efectos de tempo de servizos, condicións para o ascenso, reserva do destino que ocupasen, trienios e dereitos pasivos. Só se considerará como cotizado para efectos do réxime da Seguridade Social o período de dous meses en que recibe retribucións.

6. Cando as actuacións xudiciais o exixan, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaoito, o previsto nos puntos 4 e 5 deste artigo.

7. Durante os dous primeiros meses desta excedencia terá dereito a percibir as retribucións íntegras do seu último destino.

## CAPÍTULO V

### Suspensión de funcións

Artigo 31. *Situación de suspensión de funcións.*

1. O pase á situación de suspensión de funcións do militar profesional poderase acordar como consecuencia do procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun procedemento disciplinario por falta moi grave.

2. O ministro de Defensa determinará os supostos en que se deberá acordar a tramitación de urxencia nos procedementos para o pase a esta situación.

Artigo 32. *Declaración e cesamento na situación de suspensión de funcións.*

1. O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ás Forzas Armadas ou a alarma social producida, poderá acordar a suspensión do militar implicado no exercicio das súas funcións e determinar expresamente se a dita suspensión comporta o cesamento no destino.

2. No suposto de incoación dun procedemento disciplinario por falta moi grave, será a autoridade sancionadora que ordenou a súa instrución a competente para acordar o pase do expedientado a esta situación administrativa, sen que o dito acordo poida conter ningunha decisión sobre o cesamento no destino ocupado por aquel.

3. O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o da duración da prisión preventiva, caso que o acordase a autoridade xudicial nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

4. No suposto de cesamento na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva, o ministro de Defensa poderá acordar, por resolución motivada na cal se deberán valorar os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder o momento de ditarse sentenza firme ou auto de sobresemento tamén firme.



5. O tempo permanecido na situación de suspensión de funcións non será computable como tempo de servizos nin para efectos de trienios. Para efectos pasivos será de aplicación o previsto no réxime da Seguridade Social en que estea integrado. Nesta situación, o militar permanecerá inmovilizado no posto que ocupe no escalafón correspondente.

6. En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do procedemento disciplinario sen declaración de responsabilidade, será repostado no seu destino se conviñer ao seu dereito, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle puidese corresponder. O tempo transcorrido na dita situación seralle computable para todos os efectos.

Cando o período de tempo permanecido na situación de suspensión de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria, a diferenza seralle computable para todos os efectos.

Observaranse regras análogas para compensar no posible o interesado respecto dos seus dereitos profesionais e económicos cando a pena ou sanción disciplinaria imposta sexa de tal natureza que os seus efectos resulten menos gravosos que os propios da súa permanencia na situación de suspenso de funcións.

7. Para efectos de cadros de persoal, os militares profesionais na situación de suspensión de funcións contabilizarán de igual forma que os que se encontren na de servizo activo.

8. En todos os supostos anteriores, antes de adoptar a correspondente resolución darase trámite de alegacións ao interesado.

*Artigo 33. Coincidencia de suspensión de funcións e finalización de compromiso.*

A suspensión de funcións rematará en todo caso cando finalice sen renovación o compromiso do militar profesional con relación de servizos de carácter temporal.

## CAPÍTULO VI

### Suspensión de emprego

*Artigo 34. Situación de suspensión de emprego.*

1. Os militares profesionais pasarán á situación de suspensión de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, a pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, mentres se encontre privado de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas, ou a penas, principal ou accesoria, de suspensión de emprego ou cargo público, logo de audiencia do interesado.

b) Imposición de sanción disciplinaria de suspensión de emprego por falta moi grave.

2. O ministro de Defensa tamén poderá acordar o pase dos militares profesionais á situación de suspensión de emprego á vista da sentenza en que se impuxese a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio ou calquera outro dereito, cando a dita inhabilitación impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.

3. O pase á situación de suspensión de emprego por algunha das causas definidas no número 1.a) e no número 2 deste artigo producirá, ademais do cesamento no destino do militar, os mesmos efectos que os establecidos para a situación de suspensión de funcións. O tempo permanecido cautelarmente nesta última situación polo mesmo procedemento será de aboamento na súa integridade para a permanencia na situación de suspensión de emprego que resulte do cumprimento da pena imposta.

4. A suspensión de emprego polo suposto definido no número 1.b) producirá os mesmos efectos anteriores, e o afectado cesará no destino só cando a sanción imposta sexa por un período superior a seis meses.

5. O militar profesional que pase á situación de suspensión de emprego polo suposto definido no número 1.b), se a sanción disciplinaria executada é posteriormente revogada

con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se conviñer ao seu dereito, recuperará a súa situación no escalafón correspondente e o ascenso que lle puidese corresponder, e o tempo transcorrido na dita situación seralle computable para todos os efectos.

Artigo 35. *Coincidencia de suspensión de emprego e finalización de compromiso.*

A suspensión de emprego rematará en todo caso cando finalice sen renovación o compromiso do militar profesional con relación de servizos de carácter temporal.

## CAPÍTULO VII

### Servizo na Administración civil

Artigo 36. *Situación de servizo na Administración civil.*

1. Os militares de carreira que en virtude dunha provisión de postos de traballo obteñan un posto na Administración civil quedarán nela. Durante o tempo que permanezan nesta situación terán a súa condición de militar en suspenso, deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, e seralles de aplicación o réxime xurídico previsto no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

2. Ao persoal militar que preste servizos na Administración civil seralle de aplicación a súa normativa propia en materia de xornada e horario de traballo; vacacións, permisos e licenzas, e réxime disciplinario, ben que a sanción de separación do servizo só a poderá impor o ministro de Defensa.

Non lle será de aplicación o previsto para promoción interna, carreira administrativa, situacións administrativas e mobilidade, sen prexuízo de que poida participar nos procedementos de provisión doutros postos abertos a este persoal na Administración civil.

3. Para poder optar á provisión de postos na Administración civil deberá contar coa autorización previa e expresa do subsecretario de Defensa e contar con, ao menos, 20 anos de servizos.

4. Así mesmo, non poderá ter incoado un procedemento xudicial, expediente disciplinario ou un procedemento penal, nin estar cumprindo unha sanción imposta como resultado da súa resolución.

5. O subsecretario de Defensa determinará as características e os perfís dos militares de carreira que poidan optar a concorrer nas provisións de postos de traballo mencionados neste artigo en función das necesidades da Defensa derivadas da planificación de efectivos.

6. Ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a seguir, desde a finalización dos cursos do ensino militar de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional que o ministro de Defensa inclúa nas categorías que seguidamente se indican, tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

1. Cursos categoría A: un ano.
2. Cursos categoría B: dous anos.
3. Cursos categoría C: tres anos.
4. Cursos categoría D: catro anos.
5. Cursos categoría E: cinco anos.
6. Cursos que confiran por primeira vez aptitude para o voo: dez anos.

De non ter cumpridos os tempos establecidos nos números anteriores, para poder optar a esta situación deberán resarcir economicamente o Estado, de acordo co disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

7. Nesta situación haberá que permanecer un mínimo de dous anos, durante os cales poderá ascender sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro. Non obstante o anterior, e con independencia do

tempo que permanecese na situación de servizo na Administración civil, o militar de carreira deberase reincorporar á Administración militar na situación que lle corresponda cando se produza o cesamento, remoción ou supresión do posto de traballo da Administración civil que viña desempeñando, sen que lle sexan de aplicación os criterios existentes nestes supostos para o persoal funcionario civil.

8. O tempo permanecido nesta situación seralles computable para efectos de tempos de servizo, trienios e dereitos pasivos e empezará a contar desde o momento en que o interesado tome posesión do posto na Administración civil.

9. As retribucións que se percibirán serán as retribucións básicas que lles correspondan como militares de carreira e as complementarias correspondentes ao posto de traballo desempeñado. Os posibles ascensos que se poidan producir na súa carreira militar non comportarán ningunha variación nas condicións retributivas do posto desempeñado. O seu réxime da Seguridade Social será o que lles corresponda como militares de carreira.

10. Os militares de carreira que deixen de prestar servizo na Administración civil por calquera causa deberán solicitar o reingreso na situación de servizo activo no Ministerio de Defensa, salvo que, de conformidade co disposto neste regulamento, lles corresponda o pase á situación de reserva. En todo caso, entenderase que o militar de carreira cesará na situación de servizo na Administración civil, para todos os efectos, desde o día seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento na Administración civil onde viña prestando servizos e que pasou á situación que lle corresponda, para todos os efectos, desde o día seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento na Administración civil.

11. O militar que, encontrándose nesta situación administrativa, reingrese á situación de servizo activo e desempeñe algún dos empregos relacionados nos cadros de persoal regulamentarios do seu corpo e escala, permanecerá en exceso de cadro de persoal, e a amortización dos excedentes producirase no ciclo seguinte ao da súa incorporación, conforme o disposto no artigo 16.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

## CAPÍTULO VIII

### Reserva

#### Artigo 37. *Situación de reserva.*

1. Os militares de carreira pasarán á situación de reserva ao cumprir:

a) Catro anos no emprego de xeneral de brigada, sete anos entre os empregos de xeneral de brigada e xeneral de división e dez anos entre os anteriores e o de tenente xeneral

b) Seis anos no emprego de coronel, no de tenente coronel das escalas técnicas dos corpos de enxeñeiros e da escala de oficiais enfermeiros e no de suboficial maior. Os que ao lles corresponder pasar a esta situación teñan menos de cincuenta e oito anos de idade farano na data en que fagan a citada idade.

O punto de partida para contabilizar os tempos en cada emprego será o da data do real decreto ou resolución polo cal se concedeu o ascenso, salvo que neles se fixese constar a do día seguinte a aquel en que se produciu a vacante que orixinou o ascenso.

2. Por decisión do Goberno, os oficiais xenerais poderán pasar á situación de reserva, mediante real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

3. Os militares de carreira das categorías de oficiais e suboficiais pasarán en todo caso á situación de reserva ao faceren sesenta e un anos de idade e os da categoría de tropa e mariñeiría ao faceren cincuenta e oito anos.

4. O militar de carreira que ao lles corresponder pasar á situación de reserva segundo o disposto neste artigo non conte con vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar profesional pasará directamente a retiro.

Artigo 38. *Pase á situación de reserva con carácter voluntario nas cotas autorizadas.*

1. Os militares de carreira poderán pasar á situación de reserva con carácter voluntario nas cotas que autorice periodicamente o ministro de Defensa para os distintos empregos, zonas de escalafón, escalas e especialidades, consonte as previsións do planeamento da defensa, sempre que se teñan cumpridos vinte e cinco anos de tempo de servizos nas Forzas Armadas.

2. Nas cotas, empregos, escalas e especialidades en que así se especifique, ademais de con carácter voluntario, parte das prazas poderase ofertar para seren solicitadas con carácter anuente. De non existiren suficientes peticionarios con carácter voluntario ou anuente para cubrir estas prazas, completaranse co pase á reserva con carácter forzoso dos do emprego correspondente de maior antigüidade nel e sempre que deixasen de ser avaliados para o ascenso.

3. A concesión realizarase en razón da maior antigüidade no emprego.

Artigo 39. *Declaración do pase á situación de reserva.*

1. O pase á situación de reserva producirase por resolución do subsecretario de Defensa, excepto no suposto do número 2 do artigo 113 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e causará o cesamento automático do interesado no destino ou cargo que ocupase, salvo nos casos que estean asignados indistintamente a servizo activo e reserva.

2. Na situación de reserva non se producirán ascensos.

3. Nas relacións de postos militares determinaranse os destinos que poderán ocupar os militares profesionais en situación de reserva, así como o seu carácter e réxime de asignación e permanencia. Regulamentariamente determinaranse as condicións e circunstancias en que poderán ser designados para desempeñar comisións de servizo de carácter temporal. En ambos os supostos se manterá a situación de reserva sen recuperar a de servizo activo.

4. O militar profesional en situación de reserva, destinado ou en comisión de servizo, exercerá a autoridade e as funcións que lle correspondan segundo o seu emprego e corpo, con exclusión do exercicio do mando na forza dos exércitos.

5. Desde a situación de reserva poderase pasar ás demais situacións, excepto á de servizo activo. Ao cesar nelas, o interesado reintegrarase á de reserva, salvo que proceda o pase a retiro.

6. Ao pasar á situación de reserva conservaranse as retribucións do persoal en servizo activo sen destino até facer a idade de sesenta e tres anos. A partir dese momento as retribucións do militar profesional estarán constituídas polas retribucións básicas e polo complemento de dispoñibilidade que se determine nas normas que regulen o sistema retributivo do persoal das Forzas Armadas.

O que pase con carácter forzoso ou, se for o caso, anuente en aplicación do número 2 do artigo 38 percibirá, por unha soa vez, unha prima da contía que se estableza regulamentariamente tendo en conta os anos que lle falten para alcanzar as idades determinadas no artigo 37.

7. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de trienios e dereitos pasivos.

## CAPÍTULO IX

### Prisioneiros e desaparecidos

Artigo 40. *Condición de prisioneiro ou desaparecido.*

Para os efectos deste regulamento, terá a consideración de:

a) Prisioneiro, o militar que sexa prendido e sometido a cativerio por razón da súa condición militar por compoñentes de forzas, organizacións ou bandas inimigas ou hostís.

b) Desaparecido, o militar que con ocasión do servizo resulte ilocalizable debido a causas atribuíbles ao cumprimento das súas obrigacións militares.

Artigo 41. *Procedemento administrativo.*

1. O xefe de unidade do militar afectado informará o seu mando orgánico cando teña constancia fidedigna da ausencia do destino en condicións propias de prisioneiro ou desaparecido.

2. O director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa ou o Mando ou Xefatura de Persoal do Exército de Terra, da Armada ou do Exército do Aire, segundo a procedencia do militar afectado, unha vez recibido o informe anterior, incoará un procedemento cuxa resolución corresponderá ao ministro de Defensa, quen declarará, se for o caso, a condición de prisioneiro ou desaparecido ou acordará que esta non procede.

3. A resolución pola cal se acorde a declaración da condición de prisioneiro ou desaparecido comportará o cesamento no destino.

Artigo 42. *Situacións administrativas na condición de prisioneiro ou desaparecido.*

1. O prisioneiro ou desaparecido permanecerá na situación administrativa en que se encontraba até a súa liberación, achado ou declaración de falecemento, momento en que cambiará de situación administrativa se lle corresponde.

2. Non obstante, no caso dos militares desaparecidos, o tempo en que permanecerán na situación de servizo activo estará limitado a dous anos desde a declaración de desaparecido. Pasado ese prazo, reputarase exclusivamente para os efectos militares como falecido e a baixa publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

3. O prazo anterior reducirase a tres meses para o mesmo grupo de militares cando se encontrasen a bordo dun buque naufragado, dunha aeronave sinistrada ou militares desaparecidos por inmersión no mar, e non se teñan noticias deles nin se encontrasen os seus restos.

4. Se o desaparecido é achado causará novamente alta no corpo e escala de procedencia, pasará á situación que lle corresponda e será repostado no seu destino se convén ao seu dereito. O tempo permanecido como desaparecido poderase computar como de servizos efectivos se do expediente se deducen razóns xustificadas da ausencia.

Artigo 43. *Ascensos na condición de prisioneiro ou desaparecido.*

1. O tempo permanecido na condición de prisioneiro ou desaparecido con ocasión de servizo será válido para todos os efectos como tempo de servizo e de cómputo en determinado tipo de destinos necesarios para o ascenso.

2. Tanto o prisioneiro como o desaparecido poderán entrar en avaliación para o ascenso se lles corresponde.

Artigo 44. *Dereitos económicos.*

Durante o tempo de permanencia como prisioneiro ou desaparecido, nas condicións do artigo 40 deste regulamento, continuará percibindo as retribucións correspondentes á situación administrativa en que se encontraba.

## TÍTULO IV

### Recursos

Artigo 45. *Recursos.*

1. Contra os actos e as resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste real decreto poderase interpor recurso de alzada.

2. As resolucións ditadas polo ministro de Defensa esgotan a vía administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interpor con carácter potestativo recurso de reposición previo á vía contencioso-administrativa.

3. O prazo de resolución dos procedementos iniciados por instancia de parte previstos neste regulamento será de tres meses e a solicitude entenderase desestimada de conformidade co previsto no artigo 141.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.